

RESULTADOS DA EXPLOTACIÓN ESPECÍFICA DA MOSTRA GALEGA DA ENQUISTA NACIONAL SOBRE A PERCEPCIÓN SOCIAL DA CIENCIA E A TECNOLOXÍA 2008
FUNDACIÓN ESPAÑOLA DA CIENCIA E A TECNOLOXÍA.

Observatorio da Cultura Galega

Novembro de 2009

O Observatorio da Cultura Galega, en colaboración coa FECYT, realiza unha explotación específica dos casos galegos da enquisa de Percepción Social de la Ciencia. Esta investigación, de carácter bianual, ofrece unha panorámica comparativa sobre o estado da cultura científica no ámbito nacional. Da análise específica realizada polo Observatorio, podemos destacar os seguintes resultados:

.- **Un 60% dos galegos considera que os beneficios da ciencia e a tecnoloxía son maiores que o seus prexuízos**, fronte a un 9,4% que pensa o contrario. Se temos en conta a idade, **os enquisados de entre 25 a 34 anos, son os que teñen unha visión máis positiva** con máis de 11 puntos porcentuais por riba da media; concretamente o 71,1%. En comparación co total de España, observamos unha maior proporción de procientíficos en Galicia, malia que tamén é lixeiramente superior a taxa de escépticos, xa que son, igualmente, menos os galegos que se sitúan nunha posición na que se entende que os beneficios e prexuízos da ciencia están equilibrados.

	Galicia	España
Os beneficios da ciencia e a tecnoloxía son maiores que os seus prexuízos	59,99	53,35
Os beneficios e os prexuízos da ciencia están equilibrados	20,81	26,86
Os prexuízos da ciencia e a tecnoloxía son maiores que os beneficios	9,40	7,10
Non teño unha opinión formada sobre esta cuestión	7,57	9,97
Non contesta	2,23	2,72


Táboa 1. Aspectos positivos e negativos da ciencia e a tecnoloxía

.- Esta apreciación invértese cando se trata de avaliar a **posición que ocupa a comunidade autónoma galega respecto ás demais comunidades autónomas** no concernente á investigación científica e tecnolóxica. **Un 61,5% pensa que Galicia está máis atrasada co resto**, mentres que non chega ao 4% os que a sitúan como máis adiantada. Esta opinión é común para todos os treitos de idade, agás os maiores de 65 anos; un 49% destes -case 13 puntos porcentuais por debaixo da media- considera que Galicia vai á cola das demais comunidades. Os maiores son tamén os que menos información teñen, un 15,7% non ten

opinión ao respecto. **No extremo máis crítico, atópanse aqueles cuxa idade está comprendida entre os 55 e 64 anos, cun 70,7%**, seguidos polos que teñen entre 35 e 44 anos e entre 15 e 24 anos, superando en ambos os dous casos o 66%.

.- A concesión de recursos para a investigación científica e tecnolóxica por parte das empresas públicas e privadas é valorada de xeito moi similar polos galegos nos casos referidos aos **gobiernos central e autonómico**: en ambos os dous casos, **máis dos 55% dos enquisados consideran escasos os recursos que se destinan a este tipo de investigación**. Con todo, **os que teñen unha idade comprendida entre 35 e 54 anos son os máis severos na súa percepción**; máis dun 65% cren que os recursos destinados a este tipo de investigación son insuficientes. Esta apreciación suavízase considerablemente cando se avalía o papel do goberno europeo; un 32,2% pensan que se destinan os recursos necesarios e máis dun 5% incluso demasiados. No que se refire á empresa privada, un 40% considera que esta destina poucos recursos, case a cuarta parte dos galegos cre que son xustos, mentres que o 8% os que opinan que estas empresas destinan demasiados recursos.

.- **Para máis dun 60% dos galegos, a profesión de investigador compensa persoalmente a estes, aínda que un 44% pensa que está mal remunerada economicamente**. Case a metade dos enquisados perciben esta actividade como moi atractiva para os máis novos, e curiosamente, no que se refire ao recoñecemento social desta profesión, os valores porcentuais dos que pensan que o recoñecemento é alto son moi próximos aos do que pensan que é escaso: 46,3% e 43,5% respectivamente. A análise por idades achéganos datos máis negativos naqueles enquisados de entre 45 e 54 anos: un 34,1% cren que esta profesión non compensa aos investigadores e un 56% que está mal remunerada. En canto á evolución temporal, observamos unha lixeira tendencia á mellora da valoración do status dos científicos.



Gráfica 1. Valoración dalgunhas profesións. Escala de 1 a 5.

.- **Médicos, científicos e profesores son, por esta orde, as profesións mellor valoradas polos galegos.** En comparativa temporal, **por primeira vez nos últimos sete anos os científicos deixan a cuarta posición para ocupar o segundo lugar;** os máis valorados tralos médicos. Políticos e relixiosos mantéñense como as profesións peor valoradas. O mesmo sucede no resto das comunidades autónomas. Aínda que non existen diferenzas salientables en xeral, si que observamos que **a variable 'sexo' afecta de xeito significativo á valoración das profesións,** que se acentúa no caso dos médicos, profesores e relixiosos; estas son profesións máis valoradas polas mulleres que polos homes, con variacións de case 14 puntos porcentuais no caso dos profesores; 12 nos relixiosos e 10 nos médicos.


.- **A medicina e a saúde segue a liderar a preferencia do 78% dos enquisados,** que consideran que estes ámbitos deben ser os prioritarios no esforzo investigador en Galicia, sendo máis elevada esta preferencia cantos máis anos teñen os enquisados. A moita distancia (69 puntos porcentuais menos) as fontes enerxéticas constitúen o segundo campo de interese para os galegos. Por debaixo, transportes e ciencias humanas e sociais, atraen a só un 0,9% dos enquisados.

.- **O progreso científico e tecnolóxico é percibido por máis do 80% dos enquisados como un axente vantaxoso para tres eidos fundamentais: a loita fronte ás enfermidades e epidemias (87,5%), a calidade de vida na sociedade (82,5%) e o desenvolvemento económico (80,5%),** seguido pola seguridade e a protección da vida humana cun 74,8%. Esta é a mesma orde de valoración do resto das comunidades autónomas. En cambio, os galegos enquisados consideran

en igual medida o número de vantaxes e desvantaxes no incremento e mellora das relacións entre as persoas. Hai que salientar que máis da metade dos enquisados, **un 52%, cren que o progreso científico non propociona ningunha vantaxe á redución das diferenzas entre países ricos e pobres.**

.- A cuarta parte dos galegos enquisados síntese especialmente interesada por temas relacionados coa alimentación e o consumo. Deportes e economía e empresa ocupan a segunda e terceira posición, cun 16,2% e 10,9% respectivamente. Viaxe, famosos, e temas sociais atraen a menos do 0,3% dos enquisados. Con todo, **os máis novos rompen con esta tendencia e síntese atraídos fundamentalmente por temas como o cine e espectáculos, e deportes.** Tamén a variable 'sexo' incide claramente nestes resultados: así, para o 31,1% das mulleres o tema fundamental é a alimentación e o consumo fronte a un 19,1% dos homes; un 27,1% deles prefiren os deportes por tan só un 6,4% delas. **A ciencia e a tecnoloxía acaparan o interese do 11,8% dos homes, 9 puntos porcentuais por riba das mulleres.**

.- Medicina e saúde, Alimentación e consumo e Medio ambiente e ecoloxía son os temas sobre os que os galegos se consideran mellor informados. No polo oposto, Famosos e Política . A apreciación por parte dos enquisados do seu nivel de información sobre Ciencia e Tecnoloxía é valorada por estes, nunha escala de puntuación de 0 a 5, cun 2,81.



Gráfica 2. Evolución do grao de información en ciencia e tecnoloxía. Escala de 1 a 5.

.- Un terzo dos enquisados aumentaría o investimento público en obras públicas, a seguridade cidadá ocupa a segunda posición cun 21,8%, seguido da ciencia e a tecnoloxía cun 13,5%. Deporte e

educación son sectores nos que os galegos non incrementarían o gasto público, tan só un 0,7% e un 0,9% respectivamente.

.- En relación co total nacional, **o índice global de cultura científica de Galicia** (0,30), **sítúase moi próximo ao de España** (0,34), pero un pouco por debaixo, o cal a empraza nun segundo grupo de comunidades en función deste indicador, concretamente, en décimo primeiro lugar.

.- En canto ás evolucións temporais, cómpre salientar que entre 2004 e 2008 **hai unha tendencia importante a que aumente o grao de información sobre ciencia e tecnoloxía** (14%), malia que o grao de interese se mantén practicamente igual (0,7%).